

AER DENUNCIA O DEFICITARIO MANTEMENTO DO CENTRO DE DEPORTES ACUÁTICOS DE CHAPELA E A FALLA DE SUPERVISIÓN DO GOBERNO LOCAL DE REDONDELA



O que debería de ser unha xornada de lecer para calquera usuario que asista a gozar das instalacións deportivas do Centro de Deportes Acuáticos de Chapela, pode converterse nunha xornada moi desagradable, sobre todo no caso de asistir con cativos ou cativas. Se un ten a necesidade de acudir aos aseos, atoparase con que os inodoros se atopan nun estado de hixiene lamentable e moitos pais vense obrigados a coller aos seus fillos no colo para que poidan facer as súas necesidades dun xeito minimamente hixiénico.

A Agrupación de Electores de Redondela (AER) leva facendo un seguimento desta situación dende principios do mes de decembro, e aínda que o persoal de limpeza atópase con asiduidade polas instalacións, a situación de insalubridade persiste cada día debido ao desgaste e a mala calidade dos inodoros, permanecendo ouriños e manchas incrustadas nestes. Do mesmo xeito, para AER tamén é salientable o estado dos gardarroupas, moitos deles con cheiro a mofo, a presenza de luces fundidas que levan tempo sen cambiarse, así como diversas humidades nas paredes que non se arranxan.

Esta situación demostra a irresponsabilidade do goberno local ao propor a renovación da concesión da explotación do centro deportivo, rexeitada no pleno pola oposición, sen ter realizado ningún tipo de control previo sobre as obrigas da concesionaria respecto a un correcto mantemento e a proporcionar un servizo de calidade. A pesar de nin tan sequera destinar uns mínimos recursos a cambiar as tapas dos inodoros, repoñer lámpadas ou instalar uns gardarroupas novos, a voceira do Partido Popular de Redondela defendeu en pleno a xestión desta empresa. Para nada tivo en conta que a pesar dos beneficios que a empresa obtén pola concesión, esta non cumpre co correcto estado de hixiene das instalacións e de proporcionar un servizo digno aos usuarios que abonan as cotas con regularidade.

Dende AER demandamos que o goberno local solucione de inmediato esta situación de insalubridade que teñen que sufrir os usuarios do Centro de Deportes Acuáticos de Chapela. A Agrupación de Electores tamén anima a usuarias e usuarios a facer uso do seu dereito de reclamación tanto a través das follas de reclamación obrigatorias do centro, como a través do rexistro do Concello, para así notificar calquera tipo de anomalía detectada. Deste xeito axudárase solidariamente a manter un bo servizo para o lecer de toda a veciñanza.

Redondela, 19 de xaneiro de 2017